

ANEXO VII: IMPLANTACIÓN DA OBRA

1. INTRODUCCIÓN

A execución das obras proxectadas fai necesario dispoñer dunha serie de medidas que permitan a súa realización ao mesmo tempo que o tráfico segue circulando coas debidas garantías.

O anexo redactouse de acordo coa seguinte normativa:

- ▶ Instrución 8.3 IC Sinalización das obras
- ▶ Manual de exemplos de sinalización de obras fixas

Dado o carácter da obra, que consiste basicamente na remodelación da avenida Luis Rocafort, en principio, non será necesario o desvío do tráfico durante a execución das obras, xa que se recorrerá á solución de realizar as obras por medias calzadas e manter o tráfico por un dos carrís; e isto sempre e cando sexa necesario invadir parte do espazo destinado á circulación dos vehículos.

2. SOLUCIÓNS

2.1. FASES CONSTRUTIVAS

As fases construtivas que se recomentan para a execución da obra son:

- ▶ Execución de beirarrúas na marxe esquerda (inclúe recuamento de elementos existentes, demolicións de firmes e pavimentos, conducións, dispositivos hidráulicos, pavimentación, instalacións e colocación de mobiliario urbano)
- ▶ Execución de estacionamento na marxe esquerda (inclúe recuamento de elementos existentes, demolicións de firmes e pavimentos, conducións, dispositivos hidráulicos, pavimentación, instalacións e colocación de mobiliario urbano)
- ▶ Fresado do pavimento da vía por medias calzadas e reposición de firmes
- ▶ Execución de PPS
- ▶ Repintado de marcas viarias

2.2. SOLUCIÓNS PROPOSTAS

Durante a execución das obras será necesario planificar as diferentes fases para o mantemento do tráfico nas zonas afectadas.

As actuacións previstas para a ordenación do tráfico durante as obras deberán manter libres de tráfico as zonas necesarias para a execución das diferentes obras previstas no proxecto.

As solucións propostas consisten en:

- ▶ Limitación da velocidade (en ocasións será necesaria a detención total)
- ▶ Peche de carrís de circulación
- ▶ Prohibición de adiantamento de vehículos
- ▶ Sinalización e balizamento adecuados ás actuacións
- ▶ Corte de vías (só no caso de ser estritamente necesario)

2.3. SINALIZACIÓN QUE SE DEBERÁ DISPOÑER

É necesario sinalizar convenientemente os obstáculos debidos ás obras viarias tanto durante o día como durante as horas nocturnas, e a sinalización deberá retirarse tan pronto como desapareza a causa que a motivou, segundo establece o artigo 41 do vixente Código de circulación.

Para o deseño da sinalización de obras seguiuuse a Instrución de estradas 8.3 IC, de 31 de agosto de 1987, xunto coa Orde circular núm. 301/89 T da Dirección Xeral de Estradas do MOPU (hoxe Ministerio de Fomento), as modificacións introducidas polo R. d. 208/1989 e no *Manual de exemplos de sinalización de obras fixas* de 1997.

No que respecta ás obras que afecten ás vías públicas, no caso de que se efectúen por contrata, será aplicable o que dispón a cláusula 23 do Decreto 3854/1970, de 31 de decembro (obras públicas), polo que se aproba o Prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de obras do Estado así como o artigo 104.9 do Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3), segundo o cal o contratista, sen prexuízo do que ordene o director da obra sobre o particular, será responsable do estrito cumprimento das disposicións vixentes en materia de sinalización de obras.


Tivéronse en conta tamén as normas vixentes: 8.2. IC Marcas viarias, 81 IC Sinalización vertical e a Orde circular 321/95 T e P sobre sistemas de contención de vehículos.

Salvo xustificación en contra, as obras fixas deberán utilizarse exclusivamente os elementos e dispositivos de sinalización, balizamento e defensa incluídos no catálogo vixente.

Segundo as normas de ordenación da circulación en presenza de obras fixas da Instrución 8.3. IC, atopámonos nunha: "A. Vía de dobre sentido de circulación, calzada única con dous

carrís”. Canto á situación do obstáculo das obras, atopámonos fundamentalmente en todo o trazado das obras cun “2. Obstáculo na beiravía exterior”, “5. Na calzada, de forma que non se requira diminuír o número de carrís abertos á circulación” e “6. Na calzada, de forma que se requira diminuír nun o número de carrís abertos á circulación”.

A continuación descríbense os criterios nos que deberán fundarse as medidas que se apliquen na ordenación da circulación e sinalización:



Requirirase:

- ▶ Balizamento: balizarase a liña de separación de sentidos e, segundo o caso, os bordos exteriores da calzada así formada ou a separación cos carrís contiguos do mesmo sentido. Utilizaranse conos TB-6, cunha separación máxima de 5 a 10 metros en curva e do dobre en recta.
- ▶ Sinalización de aviso (TP-18) para os vehículos que circulen contiguos á beiravía afectada pola obra e, cando se estime necesario, para os do sentido oposto de circulación, complementada por un panel que indique a distancia á liña de detención.

Nos casos nos que a anchura ocupada requira o establecemento de carrís provisionais debidamente balizados, que lles permitan aos citados vehículos resgardarse do balizamento ou defensa da zona de obra, poderá ser necesaria a utilización da seguinte sinalización:

- ▶ Limitación da velocidade (TR-301) ata a detención total, segundo o disposto no apartado 3 da Orde de 31 de agosto de 1987 sobre sinalización, balizamento e outros das obras fixas nas vías fóra de poboado
- ▶ Prohibición de adelantamento (TR-305)
- ▶ Perigo polo estreitamento (TP-17, TP-17a ou TP-17b) ou pola desviación da traxectoria normal causada polos carrís provisionais (TP-14a ou TP-14b)

Se fose preciso o corte dun carril deberá terse en conta a progresión cara a atrás da cola formada polos vehículos detidos cuxa lonxitude pode superar incluso o sinal TP-18 e acadar zonas de visibilidade restrinxida, co conseguinte perigo de accidentes por alcance. Nos lugares nos que se considere necesario en función da visibilidade dispoñible e da intensidade e velocidade previsibles da circulación:

- ▶ deberá reaxustarse a posición do sinal TP-18 ou aumentar o seu número para ter en conta a presenza da cola.
- ▶ de día deberase dispoñer un axente por cada lado, con chaleco luminescente e provisto dun sinal TM-1, que deberá moverse en correspondencia co final da cola para advertir da súa presenza.
- ▶ de noite deberá avisarse da presenza dos semáforos (TL-1) mediante sinais TP-3 provistas de luces escintilantes (TL-2, TL-3 ou TL-4).












A ordenación en sentido único alternativo levarase a cabo manualmente mediante os sinais TM-2 e TM-3 ou por semáforos. A súa eficacia dependerá da coordinación entre os axentes que regulan os sinais, quen deberán poder comunicarse visualmente ou mediante un teléfono ou radioteléfono, quedando expresamente proscrito o sistema de testemuños. A regulación

deberá axustarse de forma que o primeiro vehículo detido non teña que esperar máis duns sete minutos.

Tamén se complementará a zona con paneis TB-1 acompañados con sinais luminosos intermitentes TL-2 e con semáforos se as obras se prolongan varios días. Neste caso substituirase a ordenación manual polos semáforos citados anteriormente durante o día.

Estes paneis colocaranse no inicio e no final da cuña de redución de carril.

DIMENSIONES MINIMAS EN cm. DE LOS ELEMENTOS DE SEÑALIZACION Y BALIZAMIENTO DE OBRAS

TIPO	DIMENSION	TAMAÑO
 TP	LADO	135
 TR	DIAMETRO / LADO	90
 TS-800	ALTURA LETRA / NUM.	15
 TM-2	DIAMETRO	50
 TM-3	DOBLE APOTEMA	50
 TB-1	BASE / ALTURA	190/95
 TB-5	BASE / ALTURA	140/25
 TB-6	ALTURA	70
 REFLEXIVO TB-8	BASE / ALTURA	15/70
 REFLEXIVO TB-10	BASE / ALTURA	8/1
 TB-12	ANCHURA	10

3. DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

APÉNDICE 1 PLANOS DE SINALIZACIÓN DE OBRAS FIXAS DO MINISTERIO DE FOMENTO

